



## **ORIENTACIÓN PSICOPEDAGÓXICA E ÓRGANOS DE GOBERNO DOS CENTROS PÚBLICOS**

**Camilo Isaac OCAMPO GÓMEZ**

*Profesor Asociado da Universidade de Vigo, Campus de Ourense*

**Mª Pilar VÁZQUEZ DIZ**

*Mestra de ensino público, IES As Lagoas, Ourense*

### **RESUMEN**

Para que nos centros públicos poidan desenvolverse procesos pedagóxicos que presten atención á diversidade en tódalas súas dimensións e axuden ós alumnos a logra-la necesaria autodirección a partir dun completo autoconñecemento e correspondente dotación e equipamento no que respecta a habilidades sociais e de vida, cómpre que teña lugar nos mesmos unha orientación académica e profesional destinada a tódolos alumnos de conformidade cos principios de prevención, desenvolvemento e intervención no contexto social.

Segundo datos recollidos recentemente dunha mostra de profesores titores de centros de Galicia, que deberán ser analizados con maior profundidade no futuro, pódese dicir que levar adiante un modelo de orientación como o que se propugna na lexislación vixente, non é algo que poida ser realidade únicamente coa encomenda dunha serie de funcións orientadoras ós Departamentos de Orientación, Xefes dos mesmos e titores, para que así se desenvolvan diferentes actividades de ámbito orientador que virían a engadirse ás que tradicionalmente están a face-los docentes.

Introduci-la orientación nos centros conforme ó modelo de servicios internos actuando por programas, aínda que contén para facelo con apoios externos (EOE), esixe que os seus órganos de goberno, asumindo os principios da orientación psicopedagóxica, se impliquen no deseño, aplicación e avaliación de proxectos ben dotados de contido orientador, xa que se ve como un modo totalmente acorde co actual perfil organizativo dos centros, que desde logo contén as maiores posibilidades para que os alumnos, conforme ás súas potencialidades, melloren en materia de estratexias de aprendizaxe, hábitos de estudo, autoconñecemento, coñecemento das profesións, autoestima, habilidades sociais, de vida e de toma de decisións para a elección profesional.

### **INTRODUCCIÓN**

A calidade dos centros docentes, por riba das súas instalacións e demais elementos materiais, pódese dicir que radica na calidade da educación que se imparte nos mesmos. Así mesmo (Pérez Juste e Martínez Aragón, 1992: 24) pódese afirmar que a calidade da educación está en función de se as metas que se perseguen nos procesos pedagóxicos son entitativamente de calidade e de se

están debidamente harmonizadas, e dicir, se se formula o perfeccionamento do ser humano nunha dimensión de totalidade e integridade. De igual modo deféndese que a calidade educativa depende da coherencia existente entre as devanditas metas, os resultados obtidos e o proceso que se desenvolva no centro en relación co contexto no que está situado (De la Orden, 1988).

Por conseguinte, para que nos centros se preste unha clara contribución ó pleno e íntegro desenvolvemento persoal – social dos individuos, é dicir, para que se imparta unha educación de calidade, deberán de desenvolverse neles procesos pedagóxicos nos se que preste atención á diversidade en tódalas súas dimensións e se axude a cada alumno/a a logra-la necesaria autodirección mediante o autoconhecimento e equipamento en habilidades sociais e de vida. Neste senso a LOXSE así recoñece e declara a orientación académica e profesional como factor de calidade da educación ( Lei Orgánica 1/1990, BOE 04.10.1990, Art.60.01).

A Orientación Educativa e Profesional, ámbitos do coñecemento psicopedagóxico, ofrécennos principios, modelos e recursos que contribúen a explicar e a proporciona-la necesaria coherencia entre o que poden ser unhas metas entitativamente valiosas e os procesos correspondentes para lograr, en determinado contexto, resultados educativos acordes con aquelas. Neste senso cabe destaca-lo modelo de programas de orientación educativa e profesional, o cal, transcendendo o de servicios, propugna que a orientación, partindo dunha análise de necesidades, ha beneficia-la totalidade dos educandos mediante o seu axeitado equipamento en coñecementos, habilidades e actitudes nos diferentes ámbitos da orientación: académica, profesional e persoal; así como tamén, na medida en que na actualidade o citado modelo resulta difícil de implantar en toda a súa pureza, ofrécennos a solución dun modelo mixto, o de servicios actuando por programas (Sobrado e Ocampo, 2000).

As disposicións promulgadas no marco da LOXSE polos gobernos das distintas Comunidades e, no noso caso, pola Xunta de Galicia, Decreto 120/1998, DOG e Orde de 24 de xullo do mesmo ano, DOG 31.07, xunto cos Regulamentos Orgánicos dos centros dos diferentes niveis educativos (D. 374/1996, DOG 21.10; D. 324/1996, DOG 09.08; D. 7/1999, DOG 26.01) estableceron un modelo de orientación educativa e profesional nos colexios, centros públicos integrados e institutos que, en liñas xerais, participa dos trazos deste modelo de servicios actuando por programas.

As respostas obtidas dos profesores titores e orientadores a preguntas que, no marco dun estudo recente, se lle formularon sobre as condicións que consideran necesarias para introducir nos centros (colexios, centros públicos integrados e institutos) o modelo de orientación propugnado pola lexislación vixente (de servicios actuando por programas), poñen de manifesto que nos achamos ante unha transformación que comporta innovacións na vida mesma dos centros e, en consecuencia, afecta ás funcións de tódolos seus órganos, resultando absolutamente necesario que, se ben o departamento de orientación ha se-lo primeiro en desenvolve-las funcións que lle competen, exista un compromiso decidido dos órganos de goberno do centro cos principios e procedementos implícitos no novo modelo de orientación.

A correcta interpretación da resposta pensamos que pasa pola consideración da lóxica organizativa correspondente ás unidades operativas dun sistema educativo onde rexe un modelo de xestión por proxectos: Proxecto Cuadrienal de Dirección (PCD), Proxecto Educativo de Centro (PEC), Regulamento de Réxime Interior (RRI), Proxectos Curriculares de Etapa (PPCCE) Programación Xeral Anual (PXA) e Programación de Aula (PA), (Álvarez, 1996; Cid, Domínguez e Ocampo, 1998). Polo tanto as transformacións que se desexen facer, e máis tratándose de orientación psicopedagóxica, ámbito complexo e non sempre ben entendido polos docentes en xeral, han empezar

por contemplarse, previa avaliación de necesidades, no propio deseño dos proxectos. Logo, nun segundo momento, e como consecuencia da aplicación do proxectado, poderán chegar ás aulas e ós alumnos, que ó cabo é do que se trata. Finalmente, realizando unha avaliación dos proxectos, tanto do seu deseño, como da aplicación e resultados, poderemos coñecer-lo éxito dos mesmos e tomar as oportunas decisións de mantemento ou mellora. Este proceso, máis polo miúdo, cinguíndonos á orientación, pode concretarse, se ben de forma sucinta, do xeito seguinte. Vexamos.

En principio, no deseño dun PEC haberán de aparecer, conforme á definición da súa propia identidade, as metas e os obxectivos do centro, así como aqueles principios metodolóxicos nos cales se amosan as bases dunha orientación correctamente relacionada co currículo, onde á acción tutorial correspóndelle un peso considerable. Esta visión tería ademais unha clara proxección en todo o que atinxe a organización e normas de convivencia ou código normativo do centro (RRI). Na práctica comportaría un clima de centro, unha forma de ser e de educar dentro dun marco de convivencia determinado polos dereitos e liberdades fundamentais e os principios pedagóxicos establecidos, no cal se faga gran énfase na prevención .

A aplicación á ensinanza dos anteriores principios supón incluír nos proxectos curriculares de etapa, como unha parte dos mesmos, os correspondentes Planos de Orientación Académica e Profesional (PPOAP) e de Acción Tutorial (PAT). Previsións sistemáticas, en ámbolos casos, de actividades relacionadas cos obxectivos referidos ós seguintes ámbitos: axudas nos procesos de ensinanza – aprendizaxe, adecuación do currículo ás posibilidades de cada alumno, sobre todo nos casos extremos, adquisición de habilidades na toma de decisións para á elección profesional e para a vida en xeral, tendo en conta a necesidade de participación comunitaria. Comportan, por parte do orientador, tarefas de intervención indirecta (consulta colaborativa) ó lado de outras directas individuais e grupais. Así como no caso do PAT son actividades que han levar a cabo os profesores en xeral e en particular os tutores, principalmente cos alumnos, pero tamén cos demais sectores da comunidade escolar.

A partir dos anteriores proxectos, na Programación de aula, o profesor, perseguindo a debida concordancia co modelo de orientación establecida no PEC e exposta xa de modo máis específico no PCE, concretamente no POAP e no PAT, ha de realiza-las ampliacións / simplificacións axeitadas para que o desenvolvemento dos bloques temáticos da área/s que imparte se adecúen convenientemente ás necesidades dos alumnos e presten a debida contribución á formación dos mesmos nos ámbitos de orientación anteriormente sinalados.

Nun nivel de concreción semellante ó de programación de aula, é preciso que o profesorado leve a cabo a preparación das actividades tutoriais a realizar co grupo de alumnos na clase, indicando centros de interese, calendario e programa de exercicios segundo o grupo de que se trate, o curso e o tipo de alumnado.

Agora ben, como os proxectos dun centro, onde como acabamos de ver estarán contemplados os cambios correspondentes á nova forma de levar a orientación, cambios que han incluí-los relativos á infusión dos contidos de orientación no currículo, competen dun modo ou doutro, segundo as funcións que a lexislación vixente respectivamente lles atribúe a cada un deles, ós órganos de coordinación e goberno dos centros, pódese dicir que para unha transformación efectiva do modelo orientador, se ben son importantes os directamente vencellados coa orientación, han estar así mesmo implicados aqueles que teñen responsabilidades no deseño, aplicación e avaliación / control dos proxectos educativos dos centros, é dicir, os de goberno, que por outra parte son os que ademais posúen capacidade para impulsa-lo correcto funcionamento dos anteriores e mesmo para controlalo.

Desde esta perspectiva podemos, pois, afirmar que introducir axeitadamente nos centros o modelo de servicios actuando por programas no ámbito da orientación psicopedagóxica precisa necesariamente do departamento de orientación e da acción titorial como servicios orientadores de seu. Pero, sen un verdadeiro compromiso dos órganos de dirección non resultará posible poñer en marcha o citado modelo de intervención, xa que é a estes órganos ós que compete, non só o bo funcionamento dos órganos con cometidos orientadores, se non tamén, e sobre todo, a responsabilidade do deseño, aplicación e avaliación dos programas de orientación, os cales forman parte da actividade normal do centro e deberán estar incluídos nos seus documentos de xestión.

A análise de funcións que a lexislación vixente lle encomenda ós diferentes órganos dos centros, resulta un método axeitado para comproba-la anterior afirmación. É dicir, para ver como o funcionamento correcto do novo modelo de orientación require que o departamento de orientación e as titorías cheguen a constituír uns servicios que sexan quen de axudar a promove-los cambios en materia de orientación a base de realiza-las funcións e actividades que lles corresponden. E así mesmo, para ver como isto só será posible cando os órganos de dirección dos colexios, institutos e centros integrados, asuman, desde as respectivas esferas competenciais, ademais do seu cometido de impulso, coordinación e control dos citados servicios orientadores, os devanditos principios do cambio e se impliquen na terefa de lograr uns proxectos de xestión cheos de contido orientador.

Comezaremos por revisar, a partir da lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia, as funcións que competen ó Departamento de Orientación, incluídas as do propio xefe do departamento, procedendo a agrupalas por categorías ou dimensións significativas que posibiliten comprendelas no seu sentido principal (Cadros nº 1 e nº 2).

Cadro nº 1

*Departamento de orientación: Categorías e Funcións  
(Orde de 24.07.98, artigos. 5 e 10)*

<i>Categorías</i>	<i>Funcións/actividades</i>
Avaliación	<i>Valora-las necesidades</i>
	<i>Participar na avaliación do PEC e PCE</i>
	<i>Participar no diagnóstico psicopedagóxico dos alumnos.</i>
	<i>Avalia-los programas de intervención.</i>
Elaboración de propostas	<i>Facer propostas de plans PAT</i>
	<i>Participar na elaboración do PEC e PCE</i>
	<i>Realiza-lo deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.</i>
	<i>Deseñar accións de atención temperá</i>
Apoio e asesoramento	<i>Asesorar a alumnos.</i>
	<i>Asesorar a profesores.</i>
	<i>Asesorar a país.</i>
Impulso e promoción	<i>Impulsa-la participación de profesores en investigación e innovación</i>
	<i>Promove-la cooperación coas familias</i>
	<i>Procura-la colaboración cos equipos de orientación específicos</i>

Cadro nº 2

*Xefe/a do departamento de orientación: Categorias e funcións  
(Orde de 24.07.98, artigos 6 e 11)*

Categorías	Funcións/actividades
Avaliación	<i>Valora-las medidas de atención á diversidade</i>
	<i>Participar nas sesións de avaliación .</i>
	<i>Realiza-lo diagnóstico psicopedagógico dos alumnos.</i>
Dirección e xestión	<i>Convocar e presidi-las reunións do D. de O.</i>
	<i>Redacta-lo plan anual de actividades do departamento.</i>
	<i>Elabora-los informes psicopedagógicos.</i>
	<i>Coordina-la atención ó alumnado con nn ee ee .</i>
	<i>Coordina-las actividades do departamento de orientación.</i>
	<i>Coordina-la utilización de espazos, adquirir e conserva-lo equipamento e material.</i>
Control	<i>Velar polo cumprimento do plan anual e face-la memoria final.</i>
	<i>Velar pola confidencialidade dos documentos.</i>
Representación	<i>Representa-lo D. de O. na comisión de coordinación pedagóxica.</i>
	<i>Formar parte do D. de O. do IES correspondente. (En centros de infantil e primaria)</i>

Cadro nº 3  
**Profesor/a titor/a: categorías e funcións**  
*(Decreto 374/1996, artigos 80 e 81 e Decreto 324/1996, artigos 58 e 59)*

Categorías	Funcións/actividades
Coñecemento dos alumnos	Actividades diversas (preparación, execución e avaliación) con relación a:
Información	◆ Alumnos individualmente
Integración	◆ Grupo de alumnos na aula especificamente e interdisciplinarmente (transversais)
Resolución de conflitos	◆ Coas familias
	◆ Cos profesores
	◆ Cos órganos de goberno
	◆ Cos órganos de coordinación
	◆ Cos responsables nos centros de traballo (Ciclos formativos FP).
Documentación pedagóxica – administrativa	En horario lectivo e non lectivo
	Durante tódalas semanas do curso
Coordinación	Conforme a planificación previa (PAT)
Colaboración	De acordo coa preparación próxima (programación) das sesións de tutoría.

Como pode verse, no caso do departamento de orientación trátase de funcións propias dun órgano de estudo. Arrancan da avaliación psicopedagóxica e, sustentándose na información xerada a partir da mesma, atinxen a cometidos de elaboración de propostas para a mellora dos proxectos dos centros, asesoramento ou consello ós diferentes sectores e promoción de cambios, correspondéndolle ó xefe do departamento as competencias de dirección intermedia para a coordinación do citado órgano de cara ó seu funcionamento efectivo.

Do mesmo xeito ós profesores tutores (Cadro nº 3) compételle a función de personaliza-las aprendizaxes, é dicir de favorecer dun modo sistemático que o tratamento educativo de cada alumno se adecúe a súa personalidade, comprometéndose co desenvolvemento constructivo da mesma. Isto comporta actividades de cara ó coñecemento fondo de cada alumno/a (observación directa, estudio e coidado de documentos, relación coa familia e colaboración na avaliación dos alumnos); tamén tarefas dedicadas a logra-la coordinación de estímulos educativos que inciden nun alumno/a e/ou grupo (coordinación metodolóxica docente e canaliza-la información ás familias); de igual modo a axudar a que o currículo se adapte ás posibilidades de cada titorado/a (intervención nas medidas de atención á diversidade) e, finalmente, asegura-lo seu desenvolvemento persoal – social no que comporta preparación en técnicas, hábitos e estratexias de estudos, educación en valores, habilidades de vida e sociais, autoestima, preparación na toma de decisións vocacional e transición á vida adulta (sesións de tutoría co grupo de alumnos encomendado, entrevistas individuais con eles, actividades extraescolares e complementarias, intervención no contexto familiar, relación cos centros de traballo).

Estas funcións orientadoras, que como acabamos de ver competen ó departamento de orientación e ós tutores, resulta pouco probable que se poidan levar a cabo nos termos de calidade deseñable sen unha planificación previa das mesmas (POAP e PAT) e sen a programación particular de

cada profesor – titor, así como tamén se fai necesaria a formación e oportuno desenvolvemento profesional do profesorado para cumprí-los cometidos orientadores. Polo tanto é totalmente necesario que desde o PEC, pasando polo PCE, como xa quedou dito, se contribúa a un deseño de proxecto orientador conforme ás necesidades do centros. Este deseño e a súa execución e avaliación require, así mesmo, apoio técnico por parte dos departamentos didácticos en xeral e do de orientación en particular. Pero tamén compromete necesariamente ós órganos de goberno colexiados e persoais do centro na medida en que a acción orientadora por programas esixe, per se, o deseño, aplicación e avaliación daqueles, o cal, como se verá a continuación, son cometidos específicos dos órganos de goberno e que, ademais, requiren determinados acordos da comisión de coordinación pedagóxica. Vexámolo nos cadros nº 4, 5, 6, 7, 8 e 9 que, elaborados a partir dos Decretos 324 , 374 /1996 e D. 71/1999, xa citados, se expoñen a continuación.

Cadro nº 4  
**CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO**

Aspectos previos	Elaboración	Aplicación	Avaliación/Control
Constitución Admisión de alumnos	Aproba-lo PEC Aproba-lo RRI  Aproba-la PXA	Decisiones en problemas disciplina	Avalia-la institución escolar

Cadro nº 5  
**CLAUSTRO**

Aspectos previos	Elaboración	Aplicación	Avaliación/Control
Constitución	Liñas básicas do POAP e do PAT (dentro do PCE)	Coordinación xeral da execución	Informes parciais e finais

Cadro nº 6  
**DIRECTOR/A**

Aspectos previos	Elaboración	Aplicación	Avaliación / Control
Proxecto de dirección Equipo de dirección Representación da institución Presidencia de claustro e consello escolar Designa-los titores	Coordina-la elaboración de proxectos (PEC, PCE, <b>POAP, PAT</b> e PXA) Responsabilizarse da súa redacción.	Executa-los acordos: realización dos proxectos, dentro dos cales están POAP e PAT Dinamiza-lo centro Favorece-la convivencia Resolución de conflitos Facilita-la coordinación con outros servicios	Visa-la documentación POAP e PAT (proxectos e memorias) Control do persoal D. De O. Seguimento dos resultados Colaborar coa Inspección

Cadro nº 7  
**XEFATURA DE ESTUDIOS**

Aspectos previos	Elaboración	Aplicación	Avaliación / Control
Asegura-la correcta constitución do D. de O. Asumi-la substitución do director/a no seu caso	Coordina-los xefes de Departamento (Didácticos e de Orientación) Planificación do perfeccionamento do profesorado Organización do alumnado nos períodos de lecer	Coordina-la actividade docente conforme ó planificado (PCE) Coordina-la actividade orientadora dos titores conforme ó previsto (PAT). Facilitar a participación do alumnado Executa-las previsión en materia de desenvolvemento profesional	Xefatura de persoal docente por delegación do director/a

Cadro nº 8  
**SECRETARIO/A**

Aspectos previos	Elaboración	Aplicación	Avaliación / Control
Réxime administrativo ben ordenado	Expresa-los acordos con claridade Elaboración do inventario Elaboración dos presupostos.	Transparencia e información sobre contidos das actas e facilidade no uso de documentos, sen que isto supoña descoído ou falta de confidencialidade no ámbito psicopedagóxico.	Facilita-las pautas para os documentos de seguimento

Cadro nº 9  
**VICEDIRECTOR/A**

Aspectos previos	Elaboración	Aplicación	Avaliación / Control
Asumi-las funcións encomendadas polo director/a. Substituír ó director/a.	Proposta de planificación de actividades complementarias e extraescolares, así como do plan de formación en centros de traballo.	Coordina-lo plan de actividades en centros de traballo (ciclos e PGS) Coordina-lo plan de actividades extraescolares e complementarias.	Memoria correspondente ós plans de actividades complementarias e extraescolares, así como dos plans de formación en centros de traballo.



**COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓGICA**

<i>Funcións</i>	<i>Funcións/Actividades</i>
Fixación de criterios	Para proxectos curriculares (inclúen POAP e PAT) <ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Directrices para a elaboración das programacións e adaptacións do currículo.</li> </ul>
Elevación de propostas	Elevar propostas ó claustro sobre cales poderán se-los criterios para elabora-lo PCE (inclúen POAP e PAT) <ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Proponer ó claustro os proxectos curriculares para a súa aprobación</li> <li>◆ Sobre titores que han formar parte do departamento de orientación</li> </ul>
Realización de seguimento e control	<ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Velar para que o PAT estea no PCE e se leve a cabo conforme ós criterios establecidos polo claustro</li> <li>◆ Asegura-la coherencia interproxectos</li> <li>◆ Velar polo cumprimento e avaliación dos proxectos curriculares.</li> </ul>

Constátase, pois, á vista da análise de funcións dos principais órganos dos centros públicos que se acaba de realizar, o cal contribúe a explicar o que veñen a dicir os primeiros datos recollidos dunha mostra de profesores titores, que levar adiante un modelo de orientación (servicios actuando por programas) como o que se propugna na lexislación vixente, non é algo que poida conseguirse unicamente coa encomenda dunha serie de funcións orientadoras ós Departamentos de Orientación, Xefes dos mesmos e titores, todos eles apoiados polos Equipos de Orientación Específicos, se non que resulta totalmente necesario que os órganos de goberno dos centros, asumindo os principios da orientación psicopedagóxica, se impliquen no **deseño, aplicación e avaliación de proxectos ben dotados de contido orientador**. Só deste xeito parece que será posible o desenvolvemento nos centros públicos de procesos pedagóxicos de calidade, é dicir, nos que teña lugar unha verdadeira atención á diversidade en tódalas súas dimensións e se axude ós alumnos a logra-la necesaria autodirección a partir dun completo autoconecemento e así mesmo unha rica dotación no que respecta a habilidades sociais e de vida.

**BIBLIOGRAFÍA:**

- Álvarez González, M. e Bisquerra, R. (1996). Manual de orientación y tutoría. Barcelona: Praxis (Derradeira actualización de decembro de 1999).
- Álvarez González, M. e outros (1992). La orientación vocacional a través del currículum y de la tutoría. Barcelona: Graó.
- Alvarez Rojo, V. (1994). Orientación educativa y acción orientadora. Madrid: EOS

- Alvarez, M. (1996). Dirección de centros docentes. Gestión por proyectos. Madrid: Escuela Española.
- Bisquerra, R. (Coord) (1998). Modelos de orientación e intervención psicopedagógica. Barcelona: Praxis.
- Cid, A., Domínguez, E. e Ocampo, C. (1998). "El proyecto de dirección: análisis de casos". En V Congreso Interuniversitario de Organización de Instituciones Educativas. Madrid: Universidad Complutense y Universidad Nacional de Educación a Distancia.
- De La Orden, A. (1988). "La calidad de la Educación", en Bordón, Vol. 40, 2, 149-162.
- De Miguel, M. (1988). "Modelos de investigación sobre organizaciones educativas". Conferencia presentada al IV Seminario de Modelos de Investigación Educativa. Santiago de Compostela, julio de 1988.
- Decreto 120/1998, DOG 27. 04, que regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 324/1996, DOG 09.08, polo que se establece o Regulamento Orgánico das escolas de infantil e centros de infantil e primaria.
- Decreto 374/1996, DOG 21.10, polo que se establece o Regulamentos Orgánicos dos institutos de educación secundaria.
- Decreto 7/1999, DOG 26.01, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos centros públicos integrados.
- Gairín, J. y otros (1996). Manual de organización de instituciones educativas. Madrid: Escuela Española.
- Galve, J. e outros (1996). Programas de diversificación curricular. De la teoría a la práctica. Madrid: CEPE.
- García Vidal, J. (1992). Guía para realizar adaptaciones curriculares. Madrid: EOS
- García, R. J., Moreno, J. M. e Torrego, J. C. (1996). Orientación y tutoría en la educación secundaria: estrategias de planificación y cambio. Zaragoza: Edelvives.
- Graña, V. (1998). Manual lexislativo do ensino básico en Galicia. A Coruña: Venancio Graña Editor.
- ICE - Universidade de Deusto (Edit) (1996). Dirección participativa y evaluación de centros. II Congreso Internacional sobre Dirección de Centros docentes. Bilbao: Edic. Mensajero.
- Lázaro, A. e Asensi, J. (1989). Manual de orientación escolar y tutoría. Madrid: Narcea.
- Lei Orgánica 1/1990, BOE 04.10.1990, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo.
- Lorenzo Delgado, M., Salvador, F. y Ortega Carrillo (Coords.) (1997). Organización y Dirección de Instituciones Educativas. Granada: Grupo Editorial Universitario.
- Lorenzo, M. e Saénz, O. (Dir.) (1993). Organización Escolar. Una perspectiva ecológica. Alcoy: Marfil.

- Marín, M<sup>a</sup> A. (1996). "La orientación en el marco de la reforma educativa: aproximación crítica y prospectiva". En Actas do XI Congreso Nacional de Pedagogía. Madrid: Sociadae Española de Pedagogía, pp.291-320.
- Medina, A y Gento, S. (1996). Organización Pedagógica del Nuevo Centro Educativo. Madrid: UNED.
- Ocampo, C. (1998). "Novas perspectivas da política educativa e da organización escolar en relación coa Orientación". En Sobrado, L. (Editor). Estratexias de Orientación Psicopedagóxica no Ensino Secundario. Santiago de Compostela: Laiovento, 292-324.
- Ocampo, C. e Barreira, A. (1997). "Servicios de orientación externa ós centros educativos non universitarios nas comunidades autónomas: un estudio comparado". En Revista Galego-Portuguesa de Psicología e Educación, nº 1(Vol.1), 289-304.
- Orde de 24 de xullo de 1998, DOG 31.07, que desenvolve o D 120/1998, polo que se regula a orientación en Galicia.
- Pérez Juste, R. E Martínez Aragón, L. (1992). Evaluación de centros y calidad educstiva: Madrid: Cincel.
- Rodríguez Moreno, M<sup>a</sup> L. (1995). Orientación e intervención psicopedagógica. Barcelona: CEAC
- Salvador, F. (1993). "Los órganos unipersonales de gobierno y su dinámica". En Lorenzo, M. y Saenz, O. Organización Escolar. Alcoy: Marfil.
- Sánchez, S. e outros (1997). La tutoría en los centros de educación secundaria. Madrid: Escuela Española.
- Sobrado, L. e Ocampo, C. (1996). "Evaluación orientadora de las competencias profesionales de la dirección educativa". En ICE - Universidade de Deusto. Dirección participativa y evaluación de centros. II Congreso Internacional sobre Dirección de Centros docentes. Bilbao: Ediciones Mensajero.
- Sobrado, L. e Ocampo, C. (2000). Evaluación Psicopedagógica y Orientación Educativa. Barcelona: Estel
- Sobrado, L.; Ocampo, C.; Rodicio, L. e Arza, N. (1998). "Los modelos de la Comunidades Autónomas". En Bisquerra (Coord.). Modelos de Orientación e Intervención Psicopedagógica". Praxis: Barcelona, 209-218.
- Valdivia, C. (1992). La tutoría y la orientación en los centros educativos. Bilbao: Ediciones Mensajero.